Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel

Sobre as características da variante de Viveiro no proxecto da VAC Costa Norte e as previsións do Goberno galego respecto desta infraestrutura viaria

- 44880 (12/PRE-017996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da débeda contraída co Consorcio para a Promoción da Música relacionada co financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia

- 44892 (12/PRE-017997)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre o número de concursos convocados pola Xunta de Galicia nos últimos anos para reactivar dereitos mineiros caducados, o seu resultado e os criterios que segue na planificación e control desta actividade

- 44963 (12/PRE-017998)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Covelo durante o ano 2018

- 44964 (12/PRE-017999)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Cospeito durante o ano 2018



- 44965 (12/PRE-018000)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Cualedro durante o ano 2018

- 44966 (12/PRE-018001)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Crecente durante o ano 2018

- 44967 (12/PRE-018002)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Culleredo durante o ano 2018

- 44972 (12/PRE-018003)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Bola durante o ano 2018

- 44975 (12/PRE-018004)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Pastoriza durante o ano 2018

- 44976 (12/PRE-018005)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Beariz durante o ano 2018

- 44977 (12/PRE-018006)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Antas de Ulla durante o ano 2018

- 44978 (12/PRE-018007)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Cortegada durante o ano 2018



- 44979 (12/PRE-018008)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Cuntis durante o ano 2018

- 44980 (12/PRE-018009)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Curtis durante o ano 2018

- 44981 (12/PRE-018010)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Lama durante o ano 2018

- 44982 (12/PRE-018011)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Baña durante o ano 2018

- 44983 (12/PRE-018012)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Fonsagrada durante o ano 2018

- 44984 (12/PRE-018013)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Cañiza durante o ano 2018

- 44985 (12/PRE-018014)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Capela durante o ano 2018

- 44986 (12/PRE-018015)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Coruña durante o ano 2018



- 44987 (12/PRE-018016)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Guarda durante o ano 2018

- 44988 (12/PRE-018017)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Estrada durante o ano 2018

- 44989 (12/PRE-018018)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Illa de Arousa durante o ano 2018

- 44990 (12/PRE-018019)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Gudiña durante o ano 2018

- 44991 (12/PRE-018020)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Merca durante o ano 2018

- 44992 (12/PRE-018021)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Mezquita durante o ano 2018

- 44993 (12/PRE-018022)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Abegondo durante o ano 2018

- 44995 (12/PRE-018023)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos



Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Peroxa durante o ano 2018

- 44997 (12/PRE-018024)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Veiga durante o ano 2018

- 45000 (12/PRE-018025)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Pobra do Brollón durante o ano 2018

- 45001 (12/PRE-018026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre os estudos, as análises e as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia verbo da situación ambiental do río Eume, así como sobre os plans e investimentos previstos ao respecto

- 45002 (12/PRE-018027)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Pontenova durante o ano 2018

- 45008 (12/PRE-018028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o alcance e as causas da nova avaría nas tubaxes no edificio Cristal do CHUO, as inspeccións levadas a cabo e as previsións ao respecto

- 45009 (12/PRE-018029)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Rúa durante o ano 2018

- 45010 (12/PRE-018030)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Teixeira durante o ano 2018

- 45011 (12/PRE-018031)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Abadín durante o ano 2018

- 45012 (12/PRE-018032)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Agolada durante o ano 2018

- 45013 (12/PRE-018033)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Alfoz durante o ano 2018

- 45014 (12/PRE-018034)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Allariz durante o ano 2018

- 45015 (12/PRE-018035)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Ames durante o ano 2018

- 45017 (12/PRE-018036)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello das Pontes de García Rodríguez durante o ano 2018

- 45019 (12/PRE-018037)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Amoeiro durante o ano 2018

- 45020 (12/PRE-018038)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Arteixo durante o ano 2018



- 45023 (12/PRE-018039)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Aranga durante o ano 2018

- 45025 (12/PRE-018040)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Arbo durante o ano 2018

- 45026 (12/PRE-018041)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Ares durante o ano 2018

- 45027 (12/PRE-018042)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas, os plans e as modificacións normativas que prevé impulsar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade de homes e mulleres nas estruturas de goberno e procesos participativos das confrarías de pescadores

- 45028 (12/PRE-018043)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Arzúa durante o ano 2018

- 45029 (12/PRE-018044)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello da Arnoia durante o ano 2018

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 305, fascículo 3, do 22 de decembro de 2025, da Lei de medidas fiscais e administrativas



Advertidos erros na disposición citada, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 148615, na versión en lingua galega, na alínea d) da disposición derradeira terceira, Onde di:

«d) A dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar, prevista no apartado vinte e cinco do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, na redacción dada por esta lei, que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2025, segundo o disposto na disposición adicional cuarta.»

Debe dicir:

«d) A dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar, prevista no apartado vinte e cinco do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, na redacción dada por esta lei, que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2025, segundo o disposto na disposición adicional quinta.»

Na páxina 148846, na versión en lingua castelá, en la letra d) de la disposición final tercera, Onde di:

«d) La deducción por la adquisición de libros de texto y material escolar, prevista en el apartado veinticinco del artículo 5 del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, en la redacción dada por esta ley, que surtirá efectos desde el 1 de enero de 2025, según lo dispuesto en la disposición adicional cuarta.»

Debe dicir:

«d) La deducción por la adquisición de libros de texto y material escolar, prevista en el apartado veinticinco del artículo 5 del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, en la redacción dada por esta ley, que surtirá efectos desde el 1 de enero de 2025, según lo dispuesto en la disposición adicional quinta.»

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2026

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA
LEI/8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA, POLA QUE SE
ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN INTEGRAL
CONTRA A VIOLENCIA NO SISTEMA DE SAÚDE DE GALICIA (NUM.
EXPE. 12/PL-000012)**

Emenda n º 1, de Modificación. Artigo único. Un

Substituír a parte final do primeiro parágrafo despois de "exercicio", polo seguinte texto:

"do seu traballo, en relación co seu traballo ou como resultado do mesmo".

Emenda n º 2, de Adición. Artigo único. Un

Engadir no segundo parágrafo, na alínea 4, despois de: "centros sanitarios", o seguinte:

", vía pública."

Emenda n º 3, de Adición. Artigo Único. Un bis

Engadir no final do punto 2 do artigo 12 o seguinte texto:

"O Servizo Galego de Saúde facilitará información continua a cada persoa que estea en lista de espera do tempo previsto para recibir atención hospitalaria, ven sexa consulta ou proba diagnóstica (sexan





primeiras ou sucesivas) así como intervención cirúrxicas. Tamén facilitará os datos das listas non estruturais e sobre pacientes que están a agardar sen cita por atopárense as axendas de persoal facultativo pechadas, e os rexistros en buzóns. Do mesmo xeito proporcionarase información das derivacións realizadas de intervencións cirúrxicas e probas diagnósticas a centros concertados."

Emenda n º 4, de Adición. Artigo único. Dous

Engadir na segunda alínea despois de: "Galicia", o seguinte texto:

"ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3".

Emenda n º 5, de Modificación. Artigo único. Cinco

Substituírno apartado a) o texto: "o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas", polo seguinte:

"do seu traballo, en relación co seu traballo ou como resultado do mesmo"

Emenda n º 6, de Adición. Artigo único. Cinco

Engadir na última alínea do apartado b) na última alínea despois de: "sanitarios", o seguinte texto:

"do transporte sanitario, do traballo na vía pública ou nos domicilios das persoas usuarias, das persoas traballadoras ás que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3."





Emenda n º 7, de Modificación. Artigo único. Seis

Substituír o final do apartado a) desde: "o exercicio", polo seguinte texto:

"do seu traballo, en relación co seu traballo ou como resultado do mesmo".

Emenda n º 8, de Modificación. Artigo único. Sete

Substituír o final do apartado a) desde: "o exercicio", polo seguinte texto:

"do seu traballo, en relación co seu traballo ou como resultado do mesmo".

Emenda n º 9, de Adición. Artigo Único. Dez bis

Engadir no punto 2 do artigo 50 un novo apartado co seguinte texto:

"n) Psicólogas/os clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos, ópticos-optometristas, nutricionistas"

Emenda n º 10, de Modificación. Artigo único. Once

Substituír a totalidade do punto 6 polo seguinte texto:

"As empresas privadas concesionarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, transporte sanitario, concertos, servizos..., estarán suxeitas





ás mesmas obrigas preventivas en materia de protección fronte á violencia que as exixidas para o Servizo Galego de Saúde e os seus Entes Instrumentais Vinculados.

Todos os pregos de licitación incorporarán como obrigas para a empresa contratista de dispor:

- Dun plan de prevención de formación en materia de violencia no ámbito sanitario en termos equivalentes aos existentes para o Servizo Galego de Saúde
- Da subscrición dun seguro que garanta ao persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario a cobertura da asistencia xurídica completa.
- Da subscrición dun seguro que garanta ao persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario o resarcimento económico dos prexuízos derivados daquel..
- Da contratación dun servizo específico encargado de prestar o apoio psicolóxico que en cada caso se precise.

A estes efectos, será obrigatoria a implantación efectiva da coordinación de actividades empresariais en materia de prevención entre o Servizo Galego de Saúde e todas as empresas concesionarias que participen na prestación de servizos, como ferramenta esencial para a prevención da violencia e a protección do persoal.

Esta coordinación deberá garantir, cando menos:

- A identificación e avaliación conxunta dos riscos derivados da violencia.
- Establecemento de protocolos comúns de actuación ante situacións de risco ou agresión.
- A información e formación coordinada do persoal afectado.





- A cobertura obrigatoria da asistencia xurídica, o apoio psicolóxico e o resarcimento económico do persoal vítima de agresións.

Estas obrigas desenvolveranse conforme aos principios establecidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais."

Emenda n º 11, de Adición. Artigo Único. Once bis

Engadir ao final do apartado l) do artigo 94 o seguinte texto:

"A rebaixa das listas de espera debe constar como obxectivo prioritario nos Acordos de Xestión que se asinan anualmente entre o Sergas e as xerencias das áreas sanitarias, para o seu cumprimento dentro da rede da sanidade pública galega. O persoal directivo dos servizos sanitarios públicos terán que xustificar mediante informe anual motivado a non consecución dos obxectivos marcados."

Emenda n º 12, de Adición. Artigo Único. Once ter

Engadirun novopunto 2 no artigo 104 co seguinte texto:

"Artigo 104. Orzamento.

1. O Orzamento do Servizo Galego de Saúde débese orientar de acordo coas previsións contidas no Plan de saúde de Galicia e nas directrices de política sanitaria da comunidade autónoma, débese incluír nos orzamentos da Xunta de forma diferenciada e rexerense polas disposicións do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. En todo caso e, conforme o establecido no apartado anterior, a Xunta de Galiza reservará nos seus orzamentos anuais para cada exercicio económico, a porcentaxe mínima do 25%, sobre o montante





total da Consellaría de Sanidade, destinada ao programa de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, previo desconto do gasto farmacéutico. Para este fin, efectuaranse os incrementos precisos no correspondente programa orzamentario destinado á atención primaria, conforme o disposto na Disposición Adicional Quinta do presente texto legal."

Emenda n º 13, de Adición. Artigo único. Trece

Engadir na segunda alínea do primeiro parágrafodespois da expresión: "sanitario público", o seguinte texto:

"ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3."

Emenda n º 14, de Adición. Artigo único. Trece

Engadir na primeira alínea do segundo parágrafo despois: "do persoal", o seguinte texto:

"ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3".

Emenda n º 15, de Modificación. Artigo único. Catorce

Substituír na alínea 2 do punto 1 o texto: "o exercicio das súa profesión ou no desempeño das súas funcións", polo seguinte:

" do seu traballo, en relación co seu traballo ou como resultado do mesmo"

Emenda n º 16, de Adición. Artigo único. Catorce





Engadir ao final do segundo parágrafo do punto 1 o seguinte texto:

“así como nos medios de transporte sanitario.”

Emenda n º 17, de Adición. Artigo único. Catorce

Engadir ao final do punto 2 un novo parágrafo co seguinte texto:

“No Plan estableceranse os procedementos de coordinación coas empresas e a representación legal das persoas traballadoras que traballen nos centros asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia e nos seus entes instrumentais vinculados así como nos medios de transporte sanitario.”

Emenda n º 18, de Adición. Artigo único. Catorce

Engadir ao final do subapartado a) 3º do punto 3 o seguinte texto:

“ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3.”

Emenda n º 19, de Adición. Artigo único. Catorce

Engadir ao principio da segunda alínea do segundo parágrafo do punto 4 o seguinte texto:

“aos que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3.”





Emenda n º 20, de Modificación. Artigo único. Quince

Substituír no punto 1 o textodesde: “ámbito sanitario”, polo seguinte:

“a tal efecto, as Unidades de Prevención de Riscos Laborais (URPRL) serán as responsábeis de rexistrar as agresións que se produzan nos centros de traballo no seu ámbito. Do mesmo xeito o órgano competente para sancionar inscribirá e rexistrará todos os actos de violencia que resultasen sancionados”.

Emenda n º 21, de Adición. Artigo único. Quince

Engadir no punto 3 despois de: “por sexo”, o seguinte: “e categoría profesional”.

Emenda n º 22, de Adición. Artigo único. Dezaseis

Engadir ao final do punto 1 o seguinte texto:

“Tomaranse as medidas organizativas e de coordinación empresarial necesarias para que estas medidas de formación e captación se apliquen ao persoal ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3”.

Emenda n º 23, de Adición. Artigo único. Dezaseis

Engadir ao final do punto 2 o seguinte texto:





“A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, por encomenda de servizo da Consellaría de Sanidade, asumirá a coordinación da formación e capacitación do persoal ao que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3 en materia de prevención da violencia no ámbito sanitario.”

Emenda n º 24, de Adición. Artigo único. Dezaseis

Engadir ao final do punto 4 o seguinte texto:

“ As persoas ás que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3, que traballan en empresas privadas, deberán realizar, con carácter obrigatorio, dentro dos seis meses posteriores á súa incorporación ao centro de traballo no ámbito sanitario, unha actividade formativa básica sobre medidas preventivas e protección contra a violencia no ámbito sanitario, que organizarán os servizos de prevención desas empresas en coordinación ca Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde”.

Emenda n º 25, de Modificación. Disposición adicional única

Substituír o punto 2 polo seguinte:

“As campañas de sensibilización social terán como mínimo carácter anual.”

Emenda n º 26, de Adición. Disposición adicional sexta





Engadir unha Disposición adicional sexta co seguinte texto:

"Para dar resposta ao recollido no artigo 112, no prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, o Servizo Galego de Saúde contará cun Plan de ordenación de Recursos Humanos que terá en conta "as necesidades reais do servizo, coa finalidade de lles dar cumprimento aos dereitos da cidadanía previstos polas normas en materia de saúde". Neste Plan figurarán as necesidades de renovación do persoal actual e a previsión de incorporación do persoal necesario para facer fronte ás crecentes necesidades asistenciais, así como as medidas estratéxicas que permitan contar con este persoal."

Emenda n º 27, de Adición. Disposición adicional quinta

Engadir unha Disposición adicional quinta co seguinte texto:

"Para dar cumprimento ao preceptuado no apartado 2 do artigo 104 da Lei 8/2008 de Saúde de Galiza, a Xunta de Galiza, procederá, de forma progresiva, a efectuar os correspondentes incrementos orzamentarios no Programa de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, de tal forma que para o primeiro exercicio económico desde a aprobación desta lei, e para os sucesivos exercicios orzamentarios anuais a partir desa data, quede asegurada a aplicación da porcentaxe mínima do 25% ao antedito Programa, respecto do montante total dos orzamentos da Xunta de Galiza destinados á Consellaría de Sanidade.

En todo caso e, conforme os obxectivos descritos no parágrafo anterior, a Xunta de Galiza procederá a aplicar os correspondentes incrementos, conforme á seguinte implementación temporal graduada:

Orzamentos primeiro exercicio: 18%





Orzamentos segundo exercicio: 21%

Orzamentos terceiro exercicio: 25%"

Emenda n º 28, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engadir unha Disposición adicional cuarta co seguinte texto:

"Para a consecución do obxectivo marcado no apartado l) do artigo 94, de rebaixa das listas de espera, no prazo de tres meses desde a aprobación desta lei, presentárase un plan para ter operativos todos os recursos hospitalarios: camas, quirófanos, probas diagnósticas.. e realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal, para que estean en funcionamento a tempo completo (horario de mañá e tarde)."

Emenda n º 29, de Adición. Disposición adicional terceira

Engadir unha Disposición adicional terceira co seguinte texto:

"Procederáse, no prazo máximo de 6 meses ao, desenrolo regulamentario dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias ao que se refire o apartado 5 do artigo 92. Contemplará unha xerencia diferenciada para a Atención Especializada e Atención Primaria de cada unha das mesmas con capacidade executiva, máxima autonomía na xestión de recursos humanos, económicos e de planificación asistencial; e estableceráse os mecanismos de coordinación entre as mesmas."

Emenda n º 30, de Adición. Disposición adicional segunda





Engadir unha Disposición adicional segunda co seguinte texto:

"No prazo máximo dun ano desde a aprobación desta lei procederáase ao desenvolvemento regulamentario do Mapa Sanitario de Galicia que contempla o artigo 67 da Lei 8/2008 de Saúde de Galiza, previa negociación e consenso cos axentes políticos, sociais e sindicais."

Emenda n º 31, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir unha Disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Para dar cumprimento ao establecido no apartado n) do punto 2. do artigo 50 procederáase no prazo máximo de seis meses á incorporación nos equipos de Atención Primaria das e dos profesionais contemplados no mesmo, en número suficiente, para prestar atención ao conxunto da poboación no prazo máximo de dous anos."

Ana
Pontón
Mondelo

Firmado
digitalmente
por Ana Pontón
Mondelo
Fecha:
2026.01.19
17:45:55 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 17:45:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:49:50
Nº Rexistro: 46624
Data envío: 19/01/2026 17:49:50.086

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 17:49:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:49:50
Nº Rexistro: 46624
Data envío: 19/01/2026 17:49:50.086

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTA
DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI/8/2008, DO 10
DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA, POLA QUE SE ESTABLECEN
MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA A
VIOLENCIA NO SISTEMA DE SAÚDE DE GALICIA (NUM. EXPE.
12/PL-000012)**

Emenda n º 1, ao apartado 23, de Adición. Artigo único. Un

No punto Un, que engade o punto 23 ao artigo 3º, no primeiro parágrafo, débese engadir logo de: "...a violencia física..." a seguinte palabra: "...psíquica..."

Emenda n º 2, ao apartado 42 ter). a), de Adición. Artigo único. Seis

Na letra a), onde di: "...ou o ciberacoso...", debe dicir: "...o acoso psicológico..."

Emenda n º 3, ao apartado 42 ter). d), de Modificación. Artigo único. Seis

Proponse unha nova redacción para a letra d), que terá o seguinte contido:

d) A reincidencia na comisión de tres infraccións leves cometidas pola mesma persoa terá a consideración de infracción grave, así como a reincidencia en infraccións leves cometidas nos últimos doce meses.

Emenda n º 4, ao apartado 44 ter). 3, de Adición. Artigo único. Oito

No punto 3 débese engadir como primeiro parágrafo o seguinte texto:

"3. No suposto de infraccións graves ou moi graves, e coa soa presentación da denuncia por parte do persoal sanitario, procederase á asignación provisional dun profesional distinto á persoa presuntamente infractora, con carácter inmediato e cautelar, ata que a autoridade competente resolva o correspondente expediente sancionador, determinando, no seu caso, a





duración da medida e a procedencia ou non da asignación a un centro sanitario distinto e/ou, subsidiariamente, do cambio de localidade.

A autoridade competente"

Emenda n º 5, ao apartado 119 bis). 2, de Adición. Artigo único. Catorce

No punto 2, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... .Coa participación non só das representacións sindicais, senón tamén das representacións profesionais correspondentes."

Emenda n º 6, ao apartado 119 bis). 3, de Adición. Artigo único. Catorce

Na letra e) Avaliación e seguimento. Débese engadir o seguinte texto:

"e) Avaliación e seguimento. Incorporarase obrigatoriamente un informe anual no que se recollan os datos relativos ás agresións producidas, coa súa correspondente cualificación como leves, graves ou moi graves, en relación cos actos asistenciais realizados, co obxecto de permitir a análise non só da súa evolución absoluta, senón tamén da súa evolución relativa."

Emenda n º 7, ao apartado 119 bis). 6, de Adición. Artigo único. Catorce

No punto 6, débese engadir *in fine* o seguinte: "..., e habilitando canles de comunicación e colaboración cos representantes sindicais, colexios profesionais e asociacións de pacientes."

Emenda n º 8, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional única

No punto 2, onde di: "...carácter bianual...", debe dicir: "...carácter permanente..."

Emenda n º 9, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional única





No punto 2, onde di: "...cunha frecuencia maior.", debe dicir: "...cunha frecuencia menor."

Emenda n º 10, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No primeiro parágrafo da epígrafe I, logo de: "...previsto e evitado,...", débese engadir o seguinte: "...mediante políticas integrais de seguridade e saúde e..."

Emenda n º 11, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na epígrafe I, despois do último parágrafo, débese engadir o seguinte texto:

Así mesmo, a violencia sanitaria non pode ser entendida unicamente como un fenómeno individual. Factores estruturais como a saturación asistencial, os tempos de espera, a insuficiencia de recursos, a precariedade laboral ou as desigualdades sociais contribúen a xerar tensións que poden derivar en condutas violentas.

A prevención require, polo tanto, unha análise sistémica que integre a organización do traballo, os espazos físicos, a comunicación institucional e a participación. Pero tamén a actualización das medidas de prevención debe levar a reforzar a comunicación, a educación sanitaria e o acompañamento emocional.



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 18:09:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:10:46
Nº Rexistro: 46638
Data envío: 19/01/2026 18:10:46.543

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:10:46
Nº Rexistro: 46638
Data envío: 19/01/2026 18:10:46.543

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:10:47

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os resultados, valoración e opcións de ampliación do convenio da Xunta de Galiza con FEGATAXI para o desprazamento de vítimas de violencia de xénero a determinados recursos e o orzamento público que vai destinar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os convenios de colaboración con distintas entidades son instrumentos regulados mediante os cales a Xunta emprega unha contía do seu orzamento público para prestar determinados servizos ou cubrir determinadas necesidades.

Desde hai anos a Xunta de Galiza vén desenvolvendo convenios con FEGATAXI para garantir o desprazamento de vítimas de violencia de xénero aos recursos de acollemento existentes, de maneira que se resolvan situacións urxentes que requiren dunha mobilidade complexa de executar. O máis recente, de 2023, prevía o seu remate no ano 2025 por unha contía de 85.000 euros e rematou o pasado 31 de decembro.

Segundo a propia información da Xunta, o protocolo vixente asociado a este convenio nace da necesidade de dispoñer dun servizo de apoio para o traslado das vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida ou organismos de atención que fan parte da mesma. Aínda que os traslados previstos neste protocolo non substituirán en ningún caso aos que se realicen dende outras administración públicas con competencias na materia, nin aos traslados que deban realizarse con acompañamento das forzas e corpos de seguridade, son sen dúbida unha ferramenta importante nun país cunha enorme dispersión

Asinado o día 09/01/2026 ás
10:10
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

territorial, con desigualdade de recursos ao longo do territorio e ante casuísticas ante as que pode ser recomendable desprazar a ou as vítimas a outras localidades.

A previsión do goberno galego era que durante este tempo se acolleran a este recurso arredor de 150 casos. Rematado este período de vixencia cómpre facer avaliación do mesmo e estudar non só a prórroga senón as posibilidades de ampliación.

Distintos recursos e organismos de loita contra a violencia machista, singularmente CIM do rural, teñen alertado a este Grupo Parlamentario sobre as dificultades que as mulleres e as vítimas poden ter para se desprazaren aos recursos. Asemade, a existencia de novos recursos coma os centros de crise abren tamén a porta a cuestionármonos se é o momento de abrir este recurso a casos que poidan requirir dun desprazamento a estes centros.

Aínda que o protocolo actual contempla que “Excepcionalmente, poderán ser usuarias deste servizo aquelas outras persoas dependentes das mulleres vítimas de violencia de xénero, previa solicitude motivada e con aprobación expresa por parte do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de violencia de xénero “ o habitual é que este recurso se use en situacións que requiren do recurso de acollemento, mais é o momento de avaliar se está a existir esa excepcionalidade, que tipo de solicitudes extraordinarias está a haber ou non e a idoneidade de formular unha ampliación do servizo. Máis aínda, cómpre avaliar se esta posibilidade de excepcionalidade é coñecida por todos os axentes e servizos ou se a falta de coñecemento repercute en que non se empregue ou solicite o uso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a valoración do goberno galego do convenio con Fegataxi para o desprazamento de vítimas de violencia a recursos de acollida entre 2023 e 2025?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cal é a situación actual deste recurso?

Vai ampliar a Xunta de Galiza a súa colaboración cos taxis galegos para prestar servizos de desprazamento de vítimas de violencia machista a determinados recursos?

Cantos desprazamentos cubriu?

Cantas solicitudes de traslado foron realizadas polos Centros de Información á Muller?

E polos centros de crise 24 horas?

Cantos por servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados?

Cantos por centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde (hospitais, centros de saúde, etc.)?

Cantos por xulgados radicados en Galiza ou Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito (OAVD)?

Cantos por forzas e corpos de seguridade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2026 10:10:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:12:22
Nº Rexistro: 44528
Data envío: 09/01/2026 10:12:22.427

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:12:22
Nº Rexistro: 44528
Data envío: 09/01/2026 10:12:22.427

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:12:23

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:00
Nº Rexistro: 44536
Data envío: 09/01/2026 10:41:00,495

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:22
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Concello da Illa de Arousa manifestou publicamente a súa intención de adquirir, cando saia a subasta a través do Plan Nacional sobre Drogas, a vivenda incautada ao narcotraficante Marcial Dorado, condenado por delitos de narcotráfico e branqueo de capitais, co obxectivo de destinala a equipamentos sociais de interese público, nomeadamente unha residencia de persoas maiores e un espazo para a mocidade.

Cómpre sinalar que o propio Concello xa adquiriu anteriormente outras parcelas embargadas ao mesmo narcotraficante, que hoxe están destinadas a vivenda pública e a espazos verdes, nun exercicio de recuperación para o común de bens procedentes do crime organizado.

Porén, esta iniciativa municipal atopou a oposición do Partido Popular da Illa de Arousa, que cualificou a posible compra da vivenda como innecesaria e improcedente, xerando un debate político que require un pronunciamento claro da Xunta de Galicia, tanto polo seu papel institucional como polas súas competencias.

Debe terse en conta que a construción, planificación e xestión de prazas públicas de residencia para persoas maiores é competencia da Comunidade Autónoma, e que na actualidade non existe ningunha praza pública residencial en toda a comarca do Salnés, malia tratarse dunha das zonas con maior envellecemento da poboación.

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:22
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:21
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

163255

28071 Madrid

@PSdeG



Neste contexto, resulta imprescindible coñecer se a Xunta de Galicia está disposta a colaborar institucional e economicamente nun proxecto que permitiría transformar un símbolo do narcotráfico nun recurso social ao servizo da cidadanía, ou se, pola contra, mantén a postura expresada polo PP local, desentendéndose dunha necesidade social evidente.

Desde unha perspectiva de xustiza social, memoria e loita contra as consecuencias do narcotráfico, a reutilización con fins sociais de bens incautados ao crime organizado constitúe unha oportunidade que non debe ser desaproveitada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que postura mantén o Goberno da Xunta de Galicia sobre a posible adquisición, por parte do Concello da Illa de Arousa, da vivenda incautada a Marcial Dorado, para ser destinada a un fin social ?
2. Considera a Xunta de Galicia que a transformación da vivenda incautada a Marcial Dorado en equipamentos sociais (residencia de maiores e centro para mocidade) ten interese público, social e simbólico, e está disposta a colaborar institucional e economicamente co Concello da Illa de Arousa nesta adquisición?
3. Ten previsto o Goberno autonómico impulsar a creación dunha residencia pública de persoas maiores na comarca do Salnés, atendendo á ausencia total de prazas públicas residenciais actualmente na zona?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2026 10:21:53

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 10:22:02

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 10:22:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:00
Nº Rexistro: 44536
Data envío: 09/01/2026 10:41:00.495

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:41:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:00
Nº Rexistro: 44536
Data envío: 09/01/2026 10:41:00.495

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:42:49
Nº Rexistro: 44542
Data envío: 09/01/2026 10:42:49,248

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:28
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A praia da Pescadoira, no concello de Bueu, constitúe un espazo litoral de grande valor social, ambiental e urbano, sendo unha das principais praias de uso cidadán da vila e un elemento clave da súa fachada marítima.

Desde finais da década dos noventa, tras a ampliación do espigón do porto de Bueu, a praia vén sufrindo un proceso continuado de perda de area, estreitamento do areal e deterioro da súa funcionalidade, especialmente nos períodos de marea alta. Esta situación foi obxecto de numerosos informes técnicos, así como de reiteradas advertencias por parte de colectivos veciñais e ecoloxistas.

Cómpre salientar que, desde o ano 2013, se vén reclamando de maneira sostida a rexeneración da praia, a través de escritos formais ás administracións competentes e de accións reivindicativas públicas anuais, sen que a día de hoxe se teña materializado unha solución definitiva.

A pesar de que ao longo destes anos se anunciaron diferentes proxectos e actuacións parciais, ningunha delas deu resposta integral ao problema estrutural da Pescadoira, o que evidencia unha falta de planificación, coordinación institucional e vontade executiva.

A recente asunción por parte da Xunta de Galicia das competencias en materia de ordenación e xestión do litoral elimina calquera ambigüidade competencial e obriga ao Goberno galego a asumir un papel activo, transparente e decidido na recuperación deste espazo público.

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:28
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:28
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

163259

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:42:49
Nº Rexistro: 44542
Data envío: 09/01/2026 10:42:49.248

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a defensa do litoral como ben común, o dereito da cidadanía ao acceso a praias urbanas de calidade e a protección ambiental fronte a intervencións portuarias desequilibradas deben ser principios reitores da acción pública.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións concretas ten previsto impulsar a Xunta de Galicia para a rexeneración integral da praia da Pescadoira, no concello de Bueu, e en que prazos se compromete a executalas?
2. Dispón a Xunta de Galicia de estudos técnicos e ambientais actualizados sobre as causas da erosión da praia da Pescadoira, incluído o impacto das infraestruturas portuarias existentes?
3. Considera a Xunta de Galicia viable actuar sobre o espigón da dársena do porto de Bueu como parte dunha solución estrutural para a rexeneración da praia da Pescadoira?
4. En caso contrario, cal é a alternativa que propón para garantir unha recuperación efectiva e duradeira do areal?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

163260

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2026 10:28:09

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 10:28:15

Carlos López Font na data 09/01/2026 10:28:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:42:49
Nº Rexistro: 44542
Data envío: 09/01/2026 10:42:49.248

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:42:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:42:49
Nº Rexistro: 44542
Data envío: 09/01/2026 10:42:49.248

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Silvia Longueira Castro

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Aitor Bouza Manso



A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas concretas vai adoptar o Goberno galego para evitar que se repita a infraexecución das partidas orzamentarias destinadas a este fin nos vindeiros exercicios?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:06:02

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:06:07

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:06:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:19:32
Nº Rexistro: 44561
Data envío: 09/01/2026 12:19:32.048

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:19:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:19:32
Nº Rexistro: 44561
Data envío: 09/01/2026 12:19:32.048

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:05
Por Silvia Longueira Castro

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:05
Por Aitor Bouza Manso



A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Como xustifica a Xunta de Galicia que entre 2015 e 2020 se deixasen sen executar 42,4 millóns de euros destinados á prevención do abandono escolar?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:05:40

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:05:46

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:05:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 44565
Data envío: 09/01/2026 12:21:33.554

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:21:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 44565
Data envío: 09/01/2026 12:21:33.554

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Silvia Longueira Castro

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono temperán segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Aitor Bouza Manso



A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia suficientes os programas actualmente en vigor para a prevención do abandono escolar temperán, á vista das conclusións do Consello de Contas?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:06:22

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:06:27

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:06:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:22:50
Nº Rexistro: 44569
Data envío: 09/01/2026 12:22:50.930

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:22:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:22:50
Nº Rexistro: 44569
Data envío: 09/01/2026 12:22:50.930

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Silvia Longueira Castro

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:06
Por Aitor Bouza Manso



A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incrementar os recursos destinados ás políticas activas de prevención do abandono escolar nos seus orzamentos?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:06:41

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:06:46

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:06:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:24:05
Nº Rexistro: 44573
Data envío: 09/01/2026 12:24:05.034

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:24:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:24:05
Nº Rexistro: 44573
Data envío: 09/01/2026 12:24:05.034

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:07
Por Silvia Longueira Castro

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:07
Por Aitor Bouza Manso



A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que indicadores e sistemas de avaliación utiliza o Goberno galego para medir a eficacia real das políticas de prevención do abandono escolar en Galicia?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:07:00

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:07:05

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:07:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:25:25
Nº Rexistro: 44577
Data envío: 09/01/2026 12:25:25.284

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:25:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:25:25
Nº Rexistro: 44577
Data envío: 09/01/2026 12:25:25.284

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a denuncia realizada por un membro do tribunal do concurso-oposición de acceso ao corpo de profesorado especialista en sectores singulares da FP na especialidade de Soldadura no ano 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de xaneiro de 2024 a Consellaría de Educación convocou un procedemento de acceso ao corpo de profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional. Entre as prazas convocadas atopábanse as da especialidade de soldadura.

As probas de acceso foron realizadas no CIFP de Someso, na Coruña, entre o 22 de xuño e o 17 de xullo. O tribunal fora seleccionado entre funcionarios de carreira na especialidade de soldadura a través dun sorteo, agás o presidente que foi directamente nomeado pola Consellaría. Dos cinco membros deste tribunal de selección, catro eran homes, e foi a única muller a que presentou, unha vez acabada a selección deste persoal, unha denuncia que poñía en coñecemento da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos o sesgo de xénero advertido en parte dos membros do tribunal do que formaba parte, durante todo o procedemento selectivo.

A muller participante neste tribunal denunciou ante a Dirección Xeral as irregularidades e desigualdades de trato cara ás aspirantes na realización da proba práctica, anomalías na defensa da programación e da unidade didáctica das persoas participantes, irregularidades na baremación e publicación dos méritos e na avaliación final do persoal opositor.

Asinado o día 09/01/2026 ás
12:45
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 09/01/2026 ás
12:44
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deixa constancia no escrito dos comentarios despectivos cara ás participantes femininas, situacións nas que o presidente non convoca ao resto do tribunal para a recollida da documentación para méritos ou a todo o tribunal para a avaliación final, vulnerando así as bases da convocatoria do proceso de selección.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Educación, non ten contestado ata este momento o escrito enviado pola denunciante destes feitos, aínda sendo grave o simple plantexamento de irregularidades que poderían confluír na anulabilidade do concurso-oposición nesta especialidade. Tampouco ten dado explicacións de ningún tipo, nin entrevistado á denunciante, nin presentado ningún informe realizado polo Presidente do Tribunal onde xustificara o sucedido durante este procedemento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- 1.- Vai a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP abrir unha investigación inmediata sobre as denuncias realizadas por un membro do tribunal no concurso-oposición de acceso ao corpo de profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional, na especialidade de soldadura no ano 2024?
- 2.- Vai a Consellaría de Educación elaborar un informe público sobre os resultados desta investigación?
- 3.- Vai a Consellaría implementar medidas para que exista paridade entre homes e mulleres nos membros dos tribunais de oposicións naquelas especialidades masculinizadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Vai descartar o nomeamento directo da persoa presidenta dos tribunais de oposicións, para proceder á súa elección do mesmo xeito que o resto de persoas que o compoñen?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 09/01/2026 12:44:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2026 12:45:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:46:23
Nº Rexistro: 44582
Data envío: 09/01/2026 12:46:23.390

CSV: BOPGDSPG-MG8IK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:46:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:46:23
Nº Rexistro: 44582
Data envío: 09/01/2026 12:46:23.390

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a emigración de mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre dun problema secular que lastra en moi boa medida as capacidades de desenvolvemento de Galiza como país. Trátase da emigración, máis concretamente da emigración da mocidade, é dicir, de persoas menores de 30 ou menos de 35 anos de idade. Os datos oficiais que se coñecen a este respecto son alarmantes e deberían pór en alerta a calquera goberno que se diga digno de tal.

En decembro de 2025, o Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo públicos datos tremendamente preocupantes a respecto deste problema. Referíndose á anualidade de 2024, esta entidade asegura que abandonaron o noso país até 36.704 persoas, o que supón a cifra máis elevada no que vai de século XXI. Segundo estas cifras, 20.244 das persoas emigradas foron a lugares do Estado español e 16.460 a outras partes do mundo, establecéndose maioritariamente nos destinos clásicos da emigración galega no continente europeo. Así, Madrid, Catalunya, Andalucía e Canarias voltaron ser os destinos de acollida máis comúns de galegas e galegos dentro do Estado español. Do total de emigradas e emigrados galegos ao longo de 2024, 37,9% tiñan menos de 35 anos de idade.

Pola súa parte, no ano anterior, 2023, abandonaron o país un total de 36.028 galegas e galegos, 19.950 persoas con destino a diversos puntos do Estado español, con

Asinado o día 09/01/2026 ás
13:01
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Madrid como primeiro territorio receptor, e 16.078 a diversas partes do planeta, co continente europeo como primeiro destino. Así, e de acordo cos datos do INE, a emigración ascendeu en 2024 en 626 persoas en relación coa anualidade anterior.

Se ollamos ao total de persoas emigradas desde a volta do PP ao goberno da Xunta en 2009, os datos reflicten que até 487.297 persoas residentes na Galiza emigraron entre 2009 e 2024. As cifras recollidas no histórico do INE rexistraron, nese período, 311.385 emigrantes galegas e galegos ao Estado español e 175.912 a outras partes mundo. Non é de estrañar, por tanto, que Galiza adoeza de moi serios problemas derivados desta situación. O devalo demográfico que sofre o noso país explícase en moi boa medida con estes datos na man, datos que son provocados pola falta de oportunidades laborais, o problema do acceso á vivenda e os baixos salarios que no noso país se pagan. Todos estes problemas aos que o goberno do PP na Xunta debería pór solución.

Mentres todo isto acontece, pouca intención vemos desde o Grupo Parlamentar do BNG por parte do goberno galego de tomar as medidas necesarias para pór fin a esta lacra que tanta afecta ao pobo de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Xunta de Galiza dos datos publicados polo INE a respecto da emigración galega?
- Está preocupado o goberno galego ante estes datos?
- A que cre que se deben os preocupantes datos de emigración que afectan especialmente a mocidade galega?
- Por que non tomou as medidas suficientes a Xunta para tentar evitar a emigración de mozas e mozos do noso país?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Ten pensado facer algo ao respecto o goberno galego?
- Que resposta dá aos centos de millares de galegas e galegos que se viron forzados a emigrar desde o ano 2009?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 09/01/2026 13:01:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:38
Nº Rexistro: 44588
Data envío: 09/01/2026 13:02:38.170

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:02:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:38
Nº Rexistro: 44588
Data envío: 09/01/2026 13:02:38.170

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do centro de saúde de Vilalba.

Exposición de motivos

O centro de saúde de Vilalba conta, segundo os datos que obran na propia Consellaría de Sanidade, con:

10 médicxs de atención primaria,

2 pediatras,

10 enfermeiras,

ademais de persoal administrativo.

Así mesmo, como servizos de apoio dispón de matrona, hixiene bucodental, odontoloxía, nutrición, farmacia, fisioterapia e traballo social.

Nos últimos anos ao igual que acontece na maior parte dos centros de saúde de Galiza, a veciñanza adscrita a este centro viu como foron reducíndose os servizos e o persoal o que mermou a calidade asistencial que se presta. Neste senso, hai catro prazas de médica/o sen cubrir froito da xubilación das persoas titulares ou da non cobertura das baixas temporais e vacacións como acontece con enfermaría ou pediatria.

Para o Bloque Nacionalista Galego, ao igual que para a veciñanza de Vilalba, esta situación vai en contra dos seus dereitos fundamentais a comezar polo dereito a unha sanidade pública, próxima da máxima calidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que vai facer a Xunta de Galiza para restituír todos os servizos e persoal dos que debe dispor o centro de saúde de Vilalba?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2026 12:45:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:12:44
Nº Rexistro: 44592
Data envío: 09/01/2026 13:12:44.445

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:12:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:12:44
Nº Rexistro: 44592
Data envío: 09/01/2026 13:12:44.445

CSV: BOPGDSPG-MG8tK13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades de atención sanitaria primaria en Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días, puidemos ler nos medios de comunicación unha entrevista co alcalde de Carral no que recoñece que é o espazo actual do centro de saúde non é suficiente. Na actualidade, o PAC de Cambre atende unha parte da poboación de Carral, e unha parte do servizo de urxencias deste centro está compartido con Oleiros. Este centro de saúde ten unha poboación asignada de máis de 31.000 habitantes.

Carral aumentou a súa poboación, como se pode constatar tanto no padrón municipal como polos datos que ofrece o Instituto Galego de Estatística. A previsión é que este aumento se manteña no tempo, polo que é imprescindible procurar de xeito urxente unha solución para dar unha atención sanitaria acaída á veciñanza de Carral. Concretamente, é preciso resolver os problemas de espazo que, entre outras cousas, están a impedir que a educación maternal se poida ofrecer en Carral, e as mulleres deben desprazarse ao centro de saúde de Cambre.

Debido ás protestas que se produciran no seu día, a Consellaría viuse obrigada a aumentar o número de profesionais que atenden o centro de saúde de Carral, mais a falta de espazo fixo que esta nova profesional teña que atender nunha zona do despacho da matrona reservada á educación maternal. Isto fai que sexan moitas as mulleres que deixen de recibir esta formación fundamental.

Asinado o día 09/01/2026 ás
13:14
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o diagnóstico que fai o goberno galego sobre a cobertura sanitaria en Carral?
- Entende o goberno galego que a atención sanitaria en Carral é suficiente para atender as necesidades da poboación?
- Ten previsto o goberno galego corrixir os problemas de espazo da atención sanitaria en Carral?
- Ten previsto o goberno galego corrixir os problemas que provocan que Carral careza do servizo de educación maternal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2026 13:14:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:15:57
Nº Rexistro: 44600
Data envío: 09/01/2026 13:15:57.876

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:15:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:15:57
Nº Rexistro: 44600
Data envío: 09/01/2026 13:15:57.876

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:49:04
Nº Rexistro: 44607
Data envío: 09/01/2026 13:49:04.341

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:44
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro atópase nunha situación de colapso continuado, o que levou aos seus profesionais a iniciar paros diarios como medida de protesta ante a grave realidade que están a padecer. A acumulación de pacientes pendentes de ingreso, as demoras reiteradas no traslado a planta, a necesidade de que o persoal dobre quendas para facer fronte á sobrecarga asistencial ou a evidente insuficiencia de espazos para atender ás persoas usuarias son só algunhas das consecuencias desta situación.

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:44
Por Carlos López Font

A saturación permanente, os atrasos, o hacinamento e o progresivo deterioro da calidade asistencial están a comprometer seriamente tanto a seguridade das e dos pacientes como as condicións laborais do persoal sanitario. Non resulta aceptable que, ante esta realidade, o conselleiro de Sanidade se limite a recoñecer que o hospital quedou pequeno e a anunciar un suposto plan de ampliación, máxime cando a experiencia demostra que este tipo de promesas adoitan quedar sen concreción.

Non resulta estraño, por tanto, atopar con frecuencia titulares que reflicten a gravidade da situación, como que o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro chegou a atender 797 pacientes nun período de 24 horas, unha das cifras máis elevadas desde a súa apertura. Esta presión asistencial extrema converteuse nunha constante.

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:44
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

163301

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:49:04
Nº Rexistro: 44607
Data envío: 09/01/2026 13:49:04.341

Os propios profesionais advirten de que, malia o seu compromiso coa atención aos pacientes, non poden continuar sostendo un sistema baseado exclusivamente no esforzo persoal, na improvisación permanente e no impacto dunha sobreesaturación continuada do persoal. Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención sanitaria segura e de calidade.

Por todo isto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata e responsable, adoptando medidas concretas que permitan desconxestionar o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro. E o Grupo Parlamentario Socialista esixe solucións reais e efectivas, afastadas de anuncios xenéricos e promesas sen prazos nin compromisos claros, que dean resposta a unha situación que non admite máis demoras.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está a Xunta de Galicia, disposta a elaborar e presentar, nun prazo concreto e con dotación orzamentaria definida, un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, que conte coa participación dos profesionais do propio servizo e que contemple dotacións materiais e funcionais?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

163302

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 13:44:44

Carlos López Font na data 09/01/2026 13:44:49

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 13:44:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:49:04
Nº Rexistro: 44607
Data envío: 09/01/2026 13:49:04.341



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:49:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:49:04
Nº Rexistro: 44607
Data envío: 09/01/2026 13:49:04.341

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44625
Data envío: 09/01/2026 18:30:08.112

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A Risga é unha prestación que pode ser solicitada por persoas ou unidades de convivencia en situación de risco ou exclusión social que cumpran, entre outros, os requisitos de: residencia efectiva e legal en Galicia, idade entre 25 e 65 anos, ingresos inferiores aos límites establecidos en función do número de membros da unidade de convivencia e con unha avaliación previa dos servizos sociais municipais que determine a situación de exclusión.

As contías calcúlanse en función do tamaño da unidade de convivencia, os ingresos totais desa unidade e os diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.)

Tomando coma base o IPREM, para o 2025 as achegas variaron entre 469,20 euros a 840 euros.

As contías calcúlanse en función de:

1. O tamaño da unidade de convivencia.
2. Os ingresos totais desa unidade.
3. Diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.).

Fóra diso, hai complementos por inserción (p. ex., 90€ ou 210€/mes se se participa en formación) e un tramo de transición ao emprego cando se consegue traballo. Así como hai que cumprir coas diferente obrigas da persoa beneficiaria que debe participar nas medidas de inserción, comunicar os

Asinado o día 09/01/2026 ás
18:27
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 09/01/2026 ás
18:27
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

163305

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44625
Data envío: 09/01/2026 18:30:08.112

cambios de situación, destinar o diñeiro ás finalidade para as que foi concedida e non exercer actividades ilegais ou en economía sumerxida.

Pois ben, desde a implantación do Ingreso Mínimo Vital, o número de persoas que perciben a Risga en Galicia descendeu de modo significativo, xa que moitas familias optan primeiro ao IMV. E a Risga é subsidiaria a ese, xa que a lexislación establece que non se pode cobrar a Risga se xa se recibe outra prestación igual ou superior. Isto non significa que deixase de ser útil, dado que dá acceso a medidas de acompañamento e formación.

Pois ben, coñecido a cometido desta prestación e tamén o descenso experimentado pola introdución do IMV, rexístranse retrasos na hora de tramitar esta prestación; dándose o caso de varias familias que levan esperando pola resolución do RISGA máis de 5 meses. Este retraso supón un deterioro exponencial no ámbito das persoas solicitantes, lastrando a finalidade do recurso e mesmo sometendo ás familias a situación de inseguridade e falta de apoio nunha situación que estímase límite.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando estima a Xunta de Galicia que axilizará a tramitación do Risga en beneficio das familias que se atopan en risco de exclusión?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

163306

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:27:40

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:27:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44625
Data envío: 09/01/2026 18:30:08.112

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:30:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44625
Data envío: 09/01/2026 18:30:08.112

CSV: BOPGDSPG-MG8tk13sp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44632
Data envío: 09/01/2026 18:56:34.712

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Os servizos de urxencias dos hospitais galegos están a vivir unha situación xeneralizada de sobreesaturación que, en numerosos casos, deriva nun auténtico colapso asistencial. Esta realidade ten consecuencias directas no funcionamento ordinario do sistema sanitario público e na atención que recibe a cidadanía.

No Hospital Montecelo, a presión asistencial nas urxencias chegou a ser tal que se fixo necesaria a reprogramación de intervencións cirúrxicas non urxentes. En Santiago de Compostela, con máis de 500 persoas atendidas nun só día e pacientes permanecendo en corredores, tamén se puxo de manifesto a sobrecarga que soportan estes servizos. Pola súa banda, o persoal sanitario do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña vén denunciando o colapso grave nas urxencias, con doentes atendidos en corredores, falta de camas dispoñibles e tempos de espera claramente inasumibles.

Estes exemplos ilustran unha problemática que afecta ao conxunto do sistema sanitario galego, aínda que é a área sanitaria de Vigo a que está a asumir a maior presión asistencial. Alí, a gravidade da situación levou aos traballadores e traballadoras dos servizos de urxencias a convocar paros diarios como forma de protesta ante un escenario que consideran insostible e que require respostas inmediatas por parte da Xunta de Galicia.

